Que consoante ao disposto no TÍTULO II da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galiza, formúlase escrito de promoción da **“proposición de lei de iniciativa lexislativa popular (ILP) sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego”** e a relación dos membros promotores de dita ILP coa documentación necesaria para formar parte da mesma.

### Texto da iniciativa lexislativa popular:

PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR  
SOBRE O DEREITO AO COÑECEMENTO E Á CONTEMPLACIÓN  
PERMANENTE DA MULTIFACÉTICA OBRA DE CASTELAO POLO  
POBO GALEGO

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito incuestionábel a ausencia e desatención da Historia de Galiza e das súas manifestacións culturais no sistema educativo, nos medios de comunicación públicos e na inmensa maioría dos privados, así como nos organismos dedicados a velar polo noso patrimonio artístico e natural. A Xunta de Galiza é a principal administración pública galega responsábel con capacidade para poñer fin a esta situación, cuxa desatención non fai máis que repercutir negativamente na conciencia social galega, en forma de ignorancia e falta de autoestima sobre o propio país.



Dentro desta desatención histórica e cultural é especialmente significativa a ignorancia, e mesmo desprezo, sobre a figura e a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, ambas multifacéticas, de valor incuestionábel e moi representativas do mellor que deu Galiza na política, na arte e na literatura nunha etapa tan crucial da nosa historia como foi a primeira metade do século XX.

Da importancia simbólica de Castelao dá conta o feito de que os seus restos mortais fosen trasladados en xuño de 1984 desde o cemiterio da Chacarita en Buenos Aires, onde morrera no exilio en 1950, ao Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval. O tempo demostrou cal era a verdadeira intención dos que, desde a institución autonómica, dirixían a operación: lexitimar o marco autonómico e facerlle un segundo enterro, que algúns querían definitivo.

Desde 1986, en que se celebrou o centenario do seu nacemento por parte do Ministerio de Cultura e da Xunta de Galiza, a única lembranza oficial do seu nome é a utilización do mesmo para a concesión dunhas medallas que se entregan a diferentes persoeiros con carácter anual e que ocultan a falta de actuación real.

No ano 1999 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade a declaración de toda a súa obra como Ben de Interese Cultural, mais a materialización desta medida anos máis tarde, a través da aprobación do Decreto 249/2011, do 23 de decembro, non ten suposto ningún avance real e efectivo no coñecemento da obra de Castelao, nin tampouco na permanencia da súa pegada entre as xeracións máis novas. E no ano 2015, máis de 11.000 sinaturas de galegas e galegos promovían unha Iniciativa Lexislativa Popular co obxecto de impulsar as actividades a desenvolver pola Xunta de Galiza para difundir e pór en valor a obra e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que lamentabelmente non puido prosperar por carecer da maioría suficiente e necesaria de votos do Parlamento galego para tales efectos.

Agora, cando se compren 75 anos da morte de Castelao no exilio, a Xunta de Galiza declara institucionalmente “Ano Castelao” o 2025, con toda unha serie de actos e actividades, que, con todo, deberían ir alén do inicialmente programado e perdurar no tempo con clara vocación de permanencia, na medida en que é a única maneira de que se acabe, de unha vez por todas, co descoñecemento e coa ignorancia sobre a figura e a obra de



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, que non deixan de ser a consecuencia natural de tantos anos de censura e ocultación.

Por todo isto, os miles de persoas asinantes desta Iniciativa Lexislativa Popular consideramos que chegou o momento de que todas e todos avancemos apostando por medidas estruturais e con consecuencias prácticas na promoción dun coñecemento real e efectivo da súa figura e da súa obra pola sociedade galega. Que, de unha vez por todas, poda ser contemplada debidamente toda a súa obra artística e coñecido todo o seu pensamento político de forma permanente. Que sexa de fácil acceso a súa obra literaria, tamén a ensaística de carácter político, tendo a debida presenza no sistema educativo. Que a historia de Galiza en xeral, e en particular, o período en que desenvolveu Castelao o seu labor, ocupe o lugar debido na formación escolar e académica. Que, sen máis dilacións, a Xunta de Galiza se preocupe de catalogar toda a obra de Castelao e establecer un plano de colaboración entre as distintas institucións e organismos, públicos e privados, que posúan obras, informacións ou obxectos persoais do noso grande político e artista coa finalidade de que podan ser coñecidas e contempladas en exposición pública e estábel, coas debidas garantías de protección e seguridade. Só así o pobo galego coñecerá e poderá xulgar por si mesmo o sentido e valor dunha figura e obra que por el foi motivada e que ten nel o seu principal destinatario.

A este fin responde esta proposición de Lei.

#### Artigo 1.

É obxecto da presente Lei impulsar as actividades a desenvolver pola Xunta de Galiza para difundir e pór en valor a obra e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

#### Artigo 2.

A Xunta de Galiza realizará a catalogación de toda a obra, en todo tipo de facetas e xéneros, xa pertenza a fondos públicos ou privados, que teñan como autor a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para o seu coñecemento a través dunha base pública de datos dixital de acceso aberto e universal.

#### Artigo 3.

A Xunta de Galiza definirá un espazo museístico, de dimensións apropiadas e con características adecuadas, e realizará as xestións necesarias para expor nel



toda a obra plástica de Castelao, de forma que poda ser contemplada na súa globalidade por persoas de Galiza e persoas foráneas, como un dos centros emblemáticos da cultura e da historia de Galiza, procurando para tales efectos os convenios ou acordos oportunos de cesión con todas aquelas persoas e entidades, públicas e privadas, que posúen en propiedade obra de Castelao.

#### Artigo 4.

A Xunta de Galiza, polo seu valor e simbolismo, emprenderá as xestións oportunas para que se adquira ou para que se ceda o cadro “A derradeira lección do mestre” e trasladalo desde Buenos Aires a Galiza para permanecer exposto, nas debidas condicións, xunto ao conxunto da súa obra, no espazo museístico que se define no artigo anterior.

#### Artigo 5.

A Xunta de Galiza divulgará o coñecemento da multifacética obra de Castelao, por representar unha contribución artística, literaria, ideolóxica e política das máis ilustrativas e clarificadoras sobre Galiza e o seu futuro de cantas se produciron no século XX. Dun xeito singular:

1. Impulsará a introdución, a través das disposicións e instrucións pertinentes, no sistema educativo, de forma transversal, da obra de Castelao.
2. Asumirá o compromiso de espallala tamén a través dos medios escritos e audiovisuais de titularidade pública ou subvencionados pola Xunta.
3. Facilitará o acceso público e aberto a través da rede de internet a toda a súa obra dixitalizada para coñecemento e uso de todo o pobo galego.
4. Promoverá unha edición popular co máis destacado do pensamento político de Castelao, da súa obra literaria e artística, co obxecto de distribuila, difundila e popularizala de forma masiva na sociedade galega.

#### Artigo 6.

A Xunta xestionará a sinalización, accesibilidade e promoción dos espazos relacionados coa vida e obra de Castelao.



## Disposicións finais

Primeira. Facúltase ao Consello da Xunta de Galiza para a adopción das disposicións regulamentarias e cantos acordos executivos sexan precisos para o cumprimento efectivo e desenvolvemento desta Lei

Segunda. A presente Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

---

Relación da comisión promotora coa súa sinatura, D.I, e enderezo; certificación da inscrición no censo electoral e declaración de non estar incursos/as en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade

María do Pilar García Negro.

Alberte Ansedo Estravíz.

María Xosé Bravo San José

Lucía Carreira Pérez

Paulo Carril Vázquez.

Nicolasa Castro Monteiro.

Marta Dacosta Alonso.

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez

Marcos Maceira Eiras.

María Antonia Pérez Rodríguez.

Lucía Veciño Souto

Compostela, 19 de marzo de 2025

En nome da comisión promotora



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/03/2025 10:37:35**  
**Nº Rexistro: 21978**  
Data envío: 19/03/2025 10:37:35.147

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 10:37:29**

CSV: REXPG-r1wz9n5zY-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En resposta a escrito dese Parlamento, achégolle copia do informe de impacto de xénero emitido pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, relativo á **proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo Pobo Galego (número 21978)**

Deste xeito dáse cumprimento ao preceptuado no artigo artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSM-REXPG-8qGxdlw-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
19/12/2025 15:17:43

**INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO Á PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, SOBRE O DEREITO AO COÑECEMENTO E Á CONTEMPLACIÓN PERMANENTE DA MULTIFACÉTICA OBRA DE CASTELAO POLO POBO GALEGO (DOC. NÚM. 21978)**

**Solicitante:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes – Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

**Expediente:** 138/2025

**FEITOS**

1. O 2 de decembro de 2025, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda dispoñer o traslado da proposición de lei de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego (doc. Núm. 21978).
2. O 2 de decembro de 2025, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias remite a solicitude de informe sinalada no parágrafo anterior a esta Dirección Xeral.
3. Xunto coa solicitude de informe, achégase o texto da proposición de lei de iniciativa popular.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. Este informe emítese de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (en diante, Lei 7/2023).
2. O obxecto da proposición de lei é impulsar as actividades a desenvolver pola Xunta de Galicia para difundir e pór en valor a obra e a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao para as xeracións futuras.



Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade  
Dirección Xeral de Promoción da Igualdade  
Edificio administrativo de San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela



3. Á vista do contido do texto, vaise analizar neste informe a incorporación da perspectiva de xénero, o xénero na actividade estatística e o uso dunha linguaxe non sexista no mesmo.

### INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

1. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes no artigo 26 ocúpase da igualdade na produción artística e intelectual.
2. Neste ámbito cómpre ter en conta a Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto, de representación paritaria y presenza equilibrada de mulleres e homes, que como indica no seu preámbulo *"introduce substanciais modificacións no noso ordenamento xurídico co fin de afondar nesa realización efectiva da igualdade de mulleres e homes, esencialmente nos ámbitos decisorios da vida política e económica"*.
3. A Lei 7/2023, no artigo 69 establece a integración da igualdade na política cultural. Entre outras posibles medidas, propón aquelas destinadas ao fortalecemento *das accións para visibilizar as contribucións das mulleres no ámbito cultural a través dos fondos documentais e artísticos das institucións de Galicia*.
4. Hai que ter en conta que o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG), tal como recolle o tomo II do mesmo *"está aliñado co principio de transversalidade da perspectiva de xénero recollido no VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, xa que ten entre os seus fins o de impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero e a non discriminación como elementos horizontais e transversais en todas as políticas e accións da administración pública galega e, polo tanto, non abordar este tema unicamente baixo un enfoque de accións directas e específicas."*
5. Neste sentido o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 sobre o ámbito 7 dentro da cohesión cultural con trasnversalidade de xénero sinala a importancia de dispor da porcentaxe de evolución da presenza de mulleres nos ámbitos artístico e cultural.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/12/2025 16:30:00  
Nº Rexistro: 42653  
Data envío: 19/12/2025 15:17:49.455

**Vista a redacción da proposición para a transversalización da perspectiva de xénero na mesma recoméndase:**

1. Sen desmerecer a importancia das figuras masculinas e en concreto o valor da obra e da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao precísase actualizar o patrimonio cultural de Galicia para visibilizar as contribucións históricas das mulleres no ámbito cultural a través dos fondos documentais e artísticos das institucións de Galicia. Polo que é importante visibilizar a organización social e as mulleres que contribuíron á consecución da popularidade cultural de homes da importancia do autor seleccionado.

**INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA**

1. O artigo 27 da Lei 7/2023 regula a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego.
2. Neste ámbito, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, ademais dos indicadores sinalados anteriormente neste informe, recoñece que aínda están sen desagregar series de datos nas principais producións estatísticas, e que é preciso *"ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese."* Por isto, prevé unha liña de acción destinada á *"Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero"*, da que son responsable todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.
3. Recoméndase que o articulado da norma recolla información estatística en clave de sexo de todas as persoas físicas participantes no proceso de xestión e accesos ao patrimonio histórico derivada da figura política e artística de Castelao.



CSV REXPO-seGvgUw-8  
Votación  
<https://asento.parlamentodegalicia.gal/manifesto/cav/>



## UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. O tratamento da linguaxe lexíslase na Lei 7/2023, Capítulo II, Título II (artigos 31 a 34).
2. O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.
3. O artigo 32 da Lei 7/2023 esixe que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico de Galicia erradiquen, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe.
4. No proxecto de proposición de lei utilízase unha linguaxe correcta, o que merece valoración positiva.

Segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, será a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, o órgano competente para emitir informe de impacto de xénero.

### De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que para o caso de que fora aprobada esta proposición de lei de iniciativa popular, é recomendable atender unha transversalización nos seguintes ámbitos:

1. A actual lexislación galega promove visibilizar as contribucións históricas das mulleres no ámbito cultural a través dos fondos documentais e artísticos das institucións de Galicia. Polo que é importante visibilizar a organización social e as mulleres que contribuíron á consecución da popularidade cultural de homes da importancia do autor seleccionado.
2. Que a norma estableza a importancia de obter informacións estatística en clave de sexo durante todo o proceso de xestión e acceso ao patrimonio histórico derivado da figura política e artística de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.



CSV REXPO-seGvg/1w-8  
Verificado  
<https://sesto.parlamentodegalicia.gal/transparencia/>



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/12/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 42653**  
Data envío: 19/12/2025 15:17:49.455

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A subdirectora xeral de  
Promoción da Igualdade

A directora xeral de  
Promoción da Igualdade

Concepción Pereira Otero

María Quintiana Pérez

Asinado por: QUINTIANA PEREZ, MARIA  
Cargo: Directora Xeral  
Data e hora: 19/12/2025 11:13:40

CONCEPCION PEREIRA OTERO  
25 09:56:05

CSX: REXPO-sqGxyUw-8  
Verificación:  
<https://asento.parlamentodegalicia.gal/transmision/cav/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 15:17:48



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/12/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 42653**  
Data envío: 19/12/2025 15:17:49.455





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/02/2026 11:57:17  
**Nº Rexistro: 49306**  
Data envío: 04/02/2026 11:57:17.003

## SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALIZA

Sr. Presidente:

Dirixímonos a vostede para darlle resposta ao escrito recibido desa presidencia. Comunicámoslle que **María do Pilar García Negro con DI**, membro da comisión promotora, será a persoa designada pola comisión promotora para a defensa da *ILP sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego*.

Un cordial saúdo

LOUZAO  
RODRIGUEZ  
FRANCISCO  
XESUS ANXO -  
Firmado digitalmente por LOUZAO RODRIGUEZ FRANCISCO XESUS ANXO -  
Fecha: 2026.02.04 11:10:44 +01'00'

Anxo Louzao Rodríguez

En nome da comisión promotora

CSV: REVPG-m6OKZERa-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

LOUZAO RODRIGUEZ FRANCISCO XESUS ANXO -

na data 04/02/2026 11:10:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2026 11:57:17**  
**Nº Rexistro: 49306**  
Data envío: 04/02/2026 11:57:17.003

CSV REXPC-vn8OKZEPa-6  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**3.       Comparecencia**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**3.1      48912(12/CPP-000086)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para dar  
conta das medidas de reforzo para a atención primaria

**Asunto:** Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do Conselleiro de Sanidade, para dar conta das **medidas de reforzo para a atención primaria**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**  
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.  
Santiago de Compostela. 15705  
Tfno. 981 54 49 19  
Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
02/02/2026 14:35:30

CSX-REXPG-95f00Im9-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 14:35:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48912**  
Data envío: 02/02/2026 14:35:35.359

CSV REXPO-rg50Qm9-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**4.            Mocións**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1      48521(12/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36818, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 28 de xaneiro, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (doc. núm **36818**, [12/INT-001349]).

### Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. No inmediato, incrementar a achega orzamentaria da Xunta ao financiamento do SAF até os 17 euros a hora con carácter retroactivo, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2025 para aumentar progresivamente esa contía até alcanzar os 20 euros a hora en 2027 co horizonte posto en que se asuma ao 100% o seu financiamento por parte da Xunta e do Estado a partes iguais, tal e como establece a Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Impulsar as accións necesarias para reclamar xudicialmente ao goberno do Estado o diñeiro adebedado a Galiza en materia de dependencia tanto no referido ao financiamento do 50% do Servizo de Axuda no Fogar como a débeda histórica contraída desde a entrada en vigor da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Asinado o día 29/01/2026 ás  
12:44  
Por Olalla Rodil Fernández





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGU  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2026 12:45:11**  
**Nº Rexistro: 48521**  
Data envío: 29/01/2026 12:45:11.685

3. Iniciar, no seo do Consello Galego do Benestar, un grupo de traballo específico para abordar a necesaria reforma do servizo co obxectivo de blindalo e adaptalo ás necesidades presentes e futuras da poboación galega.”

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

CSV REXPG-9pNvcehZ-6  
Validación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2026 12:44:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2026 12:45:11**  
**Nº Rexistro: 48521**  
Data envío: 29/01/2026 12:45:11.685

CSV REXPG-9pNVoehZ-6  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 12:45:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/01/2026 12:45:11**  
**Nº Rexistro: 48521**  
Data envío: 29/01/2026 12:45:11.685

CSV REXPG-9pNVoehZ-6  
Visítalo en:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.2      48822(12/MOC-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 43054, publicada no BOPG núm. 310f1, do 9 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2026 16:51:21  
Nº Rexistro: 48822  
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 28 de xaneiro, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernol 2025-2026 (doc. núm **43054**, [12/INT-001485]).

### Moción

“O Parlamento insta ao Goberno galego a presentar no prazo máximo dun mes un informe no Parlamento de Galiza no que como mínimo conste:

- Conxunto das medidas postas en marcha polo Sergas dentro do Plan Galego de Saúde invernol 2025-2026: recursos humanos contratados para reforzar, desagregados por categorías e por centros tanto hospitalarios como de Atención Primaria e tempo de duración dos mesmos; así como o orzamento destinado a este fin.
- Cantos PACs realizaron atención cos equipos completos, e cantas incidencias se produciron por descubertos nos mesmos.
- Relación das espera media para ser atendidos @s doentes nos servizos de urxencias.
- Número medio de persoas agardando nos servizos de urxencias para ser ingresadas en planta e tempo de espera.

Asinado o día 30/01/2026 ás  
16:50  
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 30/01/2026 ás  
16:50  
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REVPG-ZWuzdBFX-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 16:51:21**  
**Nº Rexistro: 48822**  
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142

- e) Relación de persoas que tiveron que volveron acudir aos servizos de urxencias e os que precisaron de novo ingreso tras a axilización de altas contempladas nos protocolos do Plan de Inverno.
- f) Tempo medio en “abrir” camas de hospitalización pechadas e persoal contratado para este fin.
- g) Número de doentes derivados a hospitais privados durante a duración do Plan de inverno e causa da derivación, con hospitais de orixe e de destino.”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026

CSV REXPO-ZWuzubFX-8  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2026 16:50:49

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 16:50:57



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 16:51:21**  
**Nº Rexistro: 48822**  
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 16:51:24



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 16:51:21**  
**Nº Rexistro: 48822**  
Data envío: 30/01/2026 16:51:21.142

CSV REXPO-ZWszuBFX-8  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.3      48830(12/MOC-000103)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35295, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)



**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2026 18:10:40  
**Nº Rexistro: 48830**  
Data envío: 30/01/2026 18:10:40.763

### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 27 e 28 de xaneiro do 2026, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (12/INT-001285, doc. núm. 35295).

#### **Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar a aceptación á quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros ofrecida polo Goberno de España.
2. Elaborar unha proposta por escrito do novo sistema de financiación autonómica para Galicia que se consideraría xusta para o noso país, e que se remita a esta Cámara galega.
3. Negociar co Goberno de España unha mellora do sistema de financiamento para Galicia que atenda as nosas singularidades, logo da proposta presentada polo Goberno de España no derradeiro Consello Política Fiscal e Financeira, que busque outorgar maior ponderación ás variables do avellentamento e a dispersión no criterio de poboación axustada, para garantir a prestación duns servizos públicos de calidade para as e os galegos.
4. Retomar a convocatoria da Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta da Comunidade Autónoma de Galicia diante de reforma do sistema de financiamento, constituída o 30 de

Asinado o día 30/01/2026 ás  
18:10  
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 30/01/2026 ás  
18:10  
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REVPG-m1Hu2mv2-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 18:10:40**  
**Nº Rexistro: 48830**  
Data envío: 30/01/2026 18:10:40.763

novembro do 2021, aos efectos de elaborar unhas conclusións sobre o  
financiamento autonómico para Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro do 2026

CSV REXPO-m1Hu2mv28  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2026 18:10:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/01/2026 18:10:16



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 18:10:40**  
**Nº Rexistro: 48830**  
Data envío: 30/01/2026 18:10:40.763

CSV REXPO-mHuzm28  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 18:10:41



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2026 18:10:40**  
**Nº Rexistro: 48830**  
Data envío: 30/01/2026 18:10:40.763

CSV REXPO-mHuzm28  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**5.        Proposicións non de lei**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.1      26985(12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co  
obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

*Publicación da iniciativa, 211f1, 18.06.2025*



**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/06/2025 16:30:00  
**Nº Rexistro: 26985**  
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

Asinado o día 09/06/25  
16:26  
Por José Ramón Gón

### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego require de cambios nos modelos produtivos para acadar uns modelos mais sustentables, resilientes e con capacidade de adaptación aos retos ambientais sociais e económicos, cos que se enfrontan.

As persoas que se dedican á agricultura e gandería son as máximas interesadas en manter, conservar e protexer o seu entorno. Non so por ser o seu sustento económico senón que para eles e a súa forma de vida, e polo tanto en elo vai tamén o seu futuro.

Máis aló da agricultura convencional sostible e a agricultura ecolóxica hai que abrir novos escenarios de modelos de produción que permitan vivir do rural dun xeito máis comprometido dende o prisma da sostenibilidade e a calidade como e o caso da agrogandería rexenerativa.

A agricultura e gandería rexenerativa pon o foco na saúde do chan mellorando a súa calidade e aumentando a biodiversidade. Preservando os contornos naturais e humanizados. Este sistema fai que a agricultura e a gandería sexa mais resiliente ao cambio climático.

Con este tipo de prácticas estamos a mellorar a saúde do chan aumentando a materia orgánica e a súa capacidade para reter auga, o que converte aos

Asinado o día 09/06/2025 ás  
16:26  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/06/2025 ás  
16:25  
Por Lara Méndez López

CSX-REVPG-IXWQIDN-5  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/06/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 26985**  
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

chans en máis fortes e resistentes a erosión. Reduce a pegada de carbono captando carbono do aire e do chan. Minimiza o uso de insumos químicos ao ter menos dependencia de fertilizantes e pesticidas. Acadando tamén produtos de maior calidade, aumenta as súas colleitas e reduce os gastos de produción, mellorando o benestar animal.

O Goberno de España dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación está a promover en Galicia e en Cataluña iniciativas neste senso cunha aportación de 104.823,6 € con cargo as axudas para o intercambio de coñecemento e actividades de formación e información de ámbito supraautonómico.

A Xunta de Galicia ten que apostar por este novo modelo de produción creando liñas de axudas para fomentar proxectos que aposten pola agrogandería rexenerativa. Ten que acompañar a estes proxectos de formación e información para os produtores, e de campañas de difusión para o coñecemento e recoñecemento das persoas consumidoras.

Este tipo de sistema integral de xestión agrícola centrado na mellora e rexeneración do chan, na conservación do entorno e como produción máis rendible está despertando moito interese por parte do sector primario.

Dende a Xunta de Galicia debe ser proactivo e promover e incentivar técnicas de produción baseadas nos principios da agricultura rexenerativa. Coa rotación e alternancia de cultivos, con cultivos de cobertura. Con boas prácticas de manexo como minimizar o arado ou a utilización de compostaxe.

CSV REXPO-IPXXQIDM-5  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/06/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 26985**  
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha liña de axudas para o fomento deste novo modelo de produción e contribuír así a un cambio de modelo produtivo cara a agrogandería rexenerativa, para os que queren transformar as súas explotacións como os que se inicien no sector primario.
2. Incidir en programas e xornadas formativas para mellora a capacitación do persoal buscando a profesionalidade do sector. E permitir a transferencia do coñecemento sobre as practicas rexenerativas.
3. Fomentar a investigación sobre técnicas rexenerativas e o seu impacto no medio ambiente utilizando os recursos e instrumentos dos que xa dispón a Xunta de Galicia como o CIAM.
4. Potenciar o uso de sementes orgánicas, de maior resistencia e outros insumos necesarios, aproveitando o banco de xermoplasma de Mabegondo.
5. Realizar campañas de difusión e divulgación para aumentar a demanda de produtos de este sistema de produción.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

CSV REXPC-IPXXQIDM-5  
Validación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/06/2025 16:25:53

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/06/2025 16:26:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/06/2025 16:26:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/06/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 26985**  
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

CSV REXPC-IPXXQIDM-5  
Validar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 16:28:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/06/2025 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 26985**  
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

CSV REXPC-IPXVQIDM-5  
Validar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.2      34797(12/PNP-002566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao  
Goberno central co fin de que non presente recurso contra  
determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e  
administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques  
eólicos

*Publicación da iniciativa, 263f1, 01.10.2025*

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Paula Prado del Río, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia e ameazando con interpoñer un recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O Executivo central non quixo chegar a un acordo na Comisión Bilateral de Cooperación entre o Estado e a Xunta, reunida o pasado mes de maio, e agora pretende bloquear os avances lexislativos incluídos nesa norma, en concreto, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles con medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, o recurso pretende frear o plan de axilización dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas. En consecuencia, o Executivo estatal intenta vetar unha iniciativa que logrou que se lles recoñecese o grao de discapacidade, sen ter que facer papelame, a máis de 9.300 persoas

No ámbito eólico, a impugnación estatal busca, entre outros, frear a normativa que regulaba o sistema de repotenciación dos parques eólicos, unha iniciativa que pretende reducir o impacto ambiental e aumentar os beneficios económicos e sociais na contorna destas instalacións de enerxía.

Asinado o día 25/09/2025 ás  
17:24  
Por Alberto Pazos Couñago



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que renuncie á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en particular, contra os que regulan a repotenciación dos parques eólicos, unha medida que busca reducir o impacto ambiental e aumentar os beneficios económicos e sociais na contorna destas instalacións”.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2025 17:24:05



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/09/2025 17:24:52**  
**Nº Rexistro: 34797**  
Data envío: 25/09/2025 17:24:52.658

CSV REXPC-HqKm1Rd1-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 17:24:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/09/2025 17:24:52**  
**Nº Rexistro: 34797**  
Data envío: 25/09/2025 17:24:52.658

CSV REXPC-HqKm1Rd1-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.3      37785(12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao  
Goberno central en relación coa aplicación e a dotación  
orzamentaria da Lei ELA

*Publicación da iniciativa, 279f1, 05.11.2025*

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

Deste xeito, no ano 2018 Galicia foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

E no ano 2023, o Goberno galego volveu demostrar o seu apoio a estas persoas e ás súas familias coa creación dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarlles un maior apoio. Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en

Asinado o día 29/10/2025 ás  
12:06  
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REVQ-IBEPfmp0-4  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas. Unha liña de axudas que se mantén ano a ano.



Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O Goberno galego explicou en moitas ocasións sobre a importancia desta axuda, xa que unha persoa diagnosticada con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa.

A Xunta destina este ano a estas axudas un orzamento de 3 millóns de euros. E faino en solitario.

E dicimos que o fai en solitario porque un ano despois da entrada en vigor da lei ELA a nivel estatal, a normativa segue sen vir acompañada de financiamento. E como consecuencia, os enfermos seguen sen percibir as axudas prometidas nesta lexislación estatal.

O Goberno galego xa advertiu en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das Administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.



Fai uns días, o Goberno de Pedro Sánchez sorprendeunos cun novo decreto lei anunciando a aprobación de 500 millóns de euros para reforzar o Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) e dar resposta á lei ELA.



Unha partida de 500 millóns que se descoñece se se van a materializar, xa que os doentes aínda están esperando polo paquete de 10 millóns de euros anunciado este mesmo verán.

Ademais, o anuncio tamén incorpora a creación dun grao III+ de dependencia extrema para as persoas con ELA, cando en Galicia xa contan con vía preferente e valoración automática do grao máximo de dependencia. Ademais, dado que o estado da enfermidade se atopa en estado avanzado e teñen dependencia completa, os coidados que precisan xa non só asistenciais - a atención a estes enfermos é domiciliaria e hospitalaria, precisando axuda de asistente persoal, axuda a domicilio...- senón tamén sanitarios.

Polo tanto, ese fondo de 500 millóns de euros demostra ser totalmente insuficiente e ademais carga ás comunidades autónomas co financiamento do 50% do custo.

Recordemos unha vez máis, que a Lei de Dependencia obriga ao Estado ao cofinanciamento do 50% neste eido, sen embargo a realidade demostra non só que o incumpre senón que a reduce ano tras ano.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

- 1.- Que asigne unha dotación orzamentaria suficiente e específica para facer efectivos de maneira inmediata os dereitos recoñecidos pola lei.



2.- que a aplicación desta lei teña carácter retroactivo desde a súa entrada en vigor para que todas as persoas afectadas poidan beneficiarse das súas medidas de apoio”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025




Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 12:06:30



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2025 12:06:44**  
**Nº Rexistro: 37785**  
Data envío: 29/10/2025 12:06:44.075



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:06:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/10/2025 12:06:44**  
**Nº Rexistro: 37785**  
Data envío: 29/10/2025 12:06:44.075

CSV REXPG-IBEPf-gmp-O-4  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.4      43881(12/PNP-003015)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de pedagogía terapéutica (PT), audición e linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos

*Publicación da iniciativa, 315f1, 16.01.2026*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2026 09:30:00  
Nº Rexistro: 43881  
Data envío: 02/01/2026 17:55:10.760

Asinado o día 02/01/26  
17:39  
Por José Ramón Gón

### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 02/01/2026 ás  
17:39  
Por Silvia Longueira Castro

Un dos ámbitos máis sensibles do sistema educativo é o da atención á diversidade, que require profesionais especializados e recursos suficientes para garantir que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo reciba unha atención adecuada. A realidade actual amosa que moitos centros educativos galegos contan con ratios excesivas e con persoal de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as claramente insuficiente para atender as necesidades existentes.

Asinado o día 02/01/2026 ás  
17:39  
Por Aitor Bouza Manso

A falta de reforzos en atención á diversidade está a provocar que o alumnado con necesidades especiais non reciba o tempo nin o apoio individualizado que precisa, o que vulnera o principio de equidade educativa e compromete a súa inclusión real no sistema. Esta situación afecta tamén á organización interna dos

CSV: REVPG-YoOrGWc-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 43881**  
Data envío: 02/01/2026 17:55:10.760

centros, que deben redistribuír recursos humanos limitados para dar resposta a unha demanda crecente, e repercute directamente na calidade educativa.

A atención á diversidade non pode ser considerada un complemento, senón un pilar esencial da educación pública galega. A Consellería de Educación debe planificar e dotar os centros do persoal necesario en función das necesidades reais e non mediante criterios exclusivamente orzamentarios, garantindo que todos os colexios e institutos dispoñan de profesorado de PT e AL suficiente, así como de coidadores e coidadoras que permitan ofrecer unha atención digna, segura e adaptada ao alumnado con necesidades específicas.

Por todo o exposto, considérase imprescindible que o Goberno galego reforce de inmediato os cadros de persoal de apoio á inclusión educativa, atendendo á realidade de cada centro e ás demandas dos equipos directivos, das ANPA e da comunidade educativa en xeral.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as nos centros educativos públicos galegos, identificando as carencias existentes e establecendo un plan de reforzo inmediato.

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro de 2026

CSV REXPG-YoOmGWc-8  
Validación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/01/2026 17:39:35

Silvia Longueira Castro na data 02/01/2026 17:39:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/01/2026 17:39:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 43881**  
Data envío: 02/01/2026 17:55:10.760

CSV REXPG-YoOrGWc-8  
Visítalo en:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:55:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 43881**  
Data envío: 02/01/2026 17:55:10.760

CSV REXPG-YoOrGWc-8  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.5      44584(12/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

*Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026*



GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2026 13:01:33  
Nº Rexistro: 44584  
Data envío: 09/01/2026 13:01:33.905

Asinado o día 09/01/26  
13:00  
Por Olalla Rodil Fern

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a emigración de mocidade galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre dun problema secular que lastra en moi boa medida as capacidades de desenvolvemento de Galiza como país. Trátase da emigración, máis concretamente da emigración da mocidade, é dicir, de persoas menores de 30 ou menos de 35 anos de idade. Os datos oficiais que se coñecen a este respecto son alarmantes e deberían pór en alerta a calquera goberno que se diga digno de tal.

En decembro de 2025, o Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo públicos datos tremendamente preocupantes a respecto deste problema. Referíndose á anualidade de 2024, esta entidade asegura que abandonaron o noso país até 36.704 persoas, o que supón a cifra máis elevada no que vai de século XXI. Segundo estas cifras, 20.244 das persoas emigradas foron a lugares do Estado español e 16.460 a outras partes do mundo, establecéndose maioritariamente nos destinos clásicos da emigración galega no continente europeo. Así, Madrid, Catalunya, Andalucía e Canarias voltaron ser os destinos de acollida máis comúns de galegas e galegos dentro do Estado español. Do total de emigradas e emigrados galegos ao longo de 2024, 37,9% tiñan menos de 35 anos de idade.

Pola súa parte, no ano anterior, 2023, abandonaron o país un total de 36.028 galegas e galegos, 19.950 persoas con destino a diversos puntos do Estado español, con

Asinado o día 09/01/2026 ás  
13:00  
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 09/01/2026 ás  
12:59  
Por Iago Suárez Fernández

CSV: REVPG-r2SCRB540  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2026 13:01:33**  
**Nº Rexistro: 44584**  
Data envío: 09/01/2026 13:01:33.905

Madrid como primeiro territorio receptor, e 16.078 a diversas partes do planeta, co continente europeo como primeiro destino. Así, e de acordo cos datos do INE, a emigración ascendeu en 2024 en 626 persoas en relación coa anualidade anterior.


Se ollamos ao total de persoas emigradas desde a volta do PP ao goberno da Xunta en 2009, os datos reflicten que até 487.297 persoas residentes na Galiza emigraron entre 2009 e 2024. As cifras recollidas no histórico do INE rexistraron, nese período, 311.385 emigrantes galegas e galegos ao Estado español e 175.912 a outras partes mundo. Non é de estrañar, por tanto, que Galiza adoeza de moi serios problemas derivados desta situación. O devalo demográfico que sofre o noso país explícase en moi boa medida con estes datos na man, datos que son provocados pola falta de oportunidades laborais, o problema do acceso á vivenda e os baixos salarios que no noso país se pagan. Todos estes problemas aos que o goberno do PP na Xunta debería pór solución.

Mentres todo isto acontece, pouca intención vemos desde o Grupo Parlamentar do BNG por parte do goberno galego de tomar as medidas necesarias para pór fin a esta lacra que tanta afecta ao pobo de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar antes da fin do actual período de sesións un plan consensuado cos grupos parlamentarios con medidas e orzamentos concretos para aliviar os elevados datos de emigración que afectan especialmente a mocidade galega.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2026 13:01:33**  
**Nº Rexistro: 44584**  
Data envío: 09/01/2026 13:01:33.905

2. Elaborar antes da fin do actual período de sesións un plan de incorporación de mocidade ao mercado laboral que poña fin á fenda salarial coas persoas menores de 30 anos de idade.

3. Realizar un estudo e presentalo ao Parlamento de Galiza antes da fin do actual período de sesións sobre as principais causas da emigración da mocidade galega e as medidas concretas para remediala.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-r025CRQ5L0

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 09/01/2026 12:59:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2026 13:00:00

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2026 13:00:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2026 13:01:33**  
**Nº Rexistro: 44584**  
Data envío: 09/01/2026 13:01:33.905



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 13:01:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/01/2026 13:01:33**  
**Nº Rexistro: 44584**  
Data envío: 09/01/2026 13:01:33.905

CSV REXPO-rd2SRQ5-0  
Verificar  
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.6      44839(12/PNP-003043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en  
relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel  
e a situación das ONGD que operan en Palestina

*Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/01/2026 12:06:54  
Nº Rexistro: 44839  
Data envío: 12/01/2026 12:06:54.914

Asinado o día 12/01/26  
12:05  
Por Ana Pontón Mont

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e do deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación das ONGD en Palestina perante o bloqueio da súa actividade por parte do estado de Israel.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses, o estado de Israel comezou a impedir activamente o traballo das entidades de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria. Este bloqueio, entre outras cousas, implicou a imposición de novas condicións unilaterais que, na práctica, son imposíbeis de cumprir, tanto por impedimentos técnicos como porque porían en perigo as persoas locais que colaboran con estas entidades, ou incluso porque implican demandas inseguras e excesivas para os seus traballadores e traballadoras.

Trátase dun novo sistema de rexistro obrigatorio que ten o claro obxectivo de impedir o traballo humanitario na faixa de Gaza (e en toda Palestina), deixando nunha situación de aínda máis indefensión as persoas que seguen a vivir alí en condicións inhumanas. Alén disto, elimina un novo elemento que podería dar testemuño dos crimes cometidos polo estado sionista de Israel, de xeito imparcial e sobre o terreo.

Este proceso implica que o 31 de decembro de 2025 ducias de entidades internacionais deixan de estar legalmente en Palestina, de acordo coa legalidade imposta unilateralmente por Israel. As poucas entidades que si foron quen de cumprir cos requisitos draconianos do estado sionista non poden atender as enormes, e crecentes,

Asinado o día 12/01/2026 ás  
12:05  
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 12/01/2026 ás  
12:05  
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: REVPG-AD/SWZb5s-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2026 12:06:54**  
**Nº Rexistro: 44839**  
Data envío: 12/01/2026 12:06:54.914

necesidades da poboación en termos humanitarios, no que se refire unicamente a cubriren as necesidades máis básicas. Alén disto, este procedemento deixou bloqueadas na entrada de Gaza enormes cantidades de subministracións destinadas a esta axuda humanitaria, entre as que se inclúe comida, medicamentos ou artigos de hixiene básica.

O cesar fogo creou nunha parte da sociedade occidental a falsa idea de que a situación está resolta para o pobo palestino, cando menos parcialmente. Porén, seguen a producirse asasinatos de poboación civil na faixa de Gaza e o propio bloqueo administrativo das ONGD ten un claro significado contrario a calquera acción encamiñada a un proceso de paz. Este tipo de entidades encárganse (ou facíanse até agora) de importantes apoios á poboación civil, tanto sanitarios como relacionados cos servizos básicos como a auga ou mesmo a fame, polo que a súa desaparición de Gaza vai ter consecuencias catastróficas.

A comunidade internacional non pode permanecer impasíbel ante a situación de indefensión do pobo palestino, e os gobernos occidentais son perfectamente conscientes deste bloqueo administrativo das ONGD, anunciado hai meses.

Neste proceso tamén están implicadas ONGD galegas e con persoal galego, o que significa un argumento máis polo que é imprescindible que o goberno galego leve a cabo todos os esforzos diplomáticos para parar a ilegalidade que está a cometer o estado sionista. Alén disto, é preciso facer público un pronunciamento claro en defensa da legalidade internacional e do dereito do pobo palestino a recibir axuda nun momento tan crítico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2026 12:06:54**  
**Nº Rexistro: 44839**  
Data envío: 12/01/2026 12:06:54.914

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Manifestar unha clara e contundente condena do xenocidio que está a cometer o goberno de Israel contra o pobo palestino, ademais da ocupación sionista.
2. Levar a cabo todos os esforzos diplomáticos necesarios para romper o bloqueo administrativo ao que está a someter o goberno sionista de Israel ás ONGD que operan en Palestina.
3. Interesarse pola situación das entidades galegas, e das persoas galegas, que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento e a axuda humanitaria en Palestina.
6. Manifestar a súa clara condena do bloqueo de Israel ás entidades de cooperación e axuda humanitaria que traballan en Palestina.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPG-ADSWZb5c-0

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 12/01/2026 12:05:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2026 12:05:13

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2026 12:05:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2026 12:06:54**  
**Nº Rexistro: 44839**  
Data envío: 12/01/2026 12:06:54.914

CSV REXPG-ADSWZb5c-0  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/01/2026 12:06:55



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2026 12:06:54**  
**Nº Rexistro: 44839**  
Data envío: 12/01/2026 12:06:54.914

CSV REXPG-ADSWZb5c-0  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**6.        Interpelacións**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.1      955(12/INT-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de  
inclusión social

*Publicación da iniciativa, 12f1, 17.04.2024*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 09:30:00  
**Nº Rexistro: 955**  
Data envío: 04/04/2024 19:13:28.881

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza anunciada pola Xunta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza, rematou 2021 e nada.

Naquel momento o BNG insistimos e moito na urxencia de reformar esa lei polas consecuencias gravísimas que estaba tendo para persoas en situación de enorme vulnerabilidade ás que a Xunta de Galiza estaba a reclamar a devolución de meses da RISGA percibidos con todo o dereito por un problema que creou única e exclusivamente a administración ao manter a incompatibilidade desta prestación con calquera outra logo de aprobar o goberno estatal o Ingreso Mínimo Vital.

En abril de 2022, como seguían sen mover un papel e sen facer nada, desde o BNG volvemos preguntar por esta cuestión e naquela ocasión, a conselleira afirmou que estaba todo encamiñado e que a lei estaría “lista” a finais dese ano (2022), porén, tampouco o fixeron.

No mes de abril, de 2023 volvemos levar desde o BNG a cuestión a comisión. Díxose que estaba “practicamente rematada” que estaban “incluíndo suxerencias”, que o borrador estaba listo e a piques de remitirse ao Parlamento para a súa tramitación.





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2024 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 955**  
Data envío: 04/04/2024 19:13:28.881

O 20 de decembro de 2023 volvemos elevar ao Pleno unha interpelación sobre a tantas veces anunciada reforma mais nunca cumprida sen obter, de novo, compromiso de impulso da mesma.

Desde o BNG levamos anos reclamando a necesaria reforma desta lei por dúas razóns fundamentalmente. A primeira, rematar coa incompatibilidade da RISGA con outras prestacións mais, sobre todo, pola segunda, a necesidade cada vez máis imperiosa de actualizar unha lexislación que resulta insuficiente cando non ineficaz para atallar a situación de pobreza e exclusión social en Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cando vai impulsar a Xunta de Galiza a reforma da Lei de inclusión social que prometeu en 2021?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ariadna Fernández González**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Suárez Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





BLOQUE NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2024 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 955**  
Data envío: 04/04/2024 19:13:28.881

**Asinado dixitalmente por:**


**Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 19:09:39**

**Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 19:09:45**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 19:10:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 19:11:01**

**Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 19:12:12**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.2      45418(12/INT-001522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009

*Publicación da iniciativa, 319f2, 22.01.2026*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/01/2026 10:45:00  
**Nº Rexistro: 45418**  
Data envío: 14/01/2026 10:45:00,530

Asinado o día 14/01/26  
10:43  
Por Daniel Castro Ga

### Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a necesidade de a Xunta avaliar o programa 151A Fomento da Lingua Galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento da Xunta de Galiza para avanzar na normalización do galego no ano 2026 apenas se achega ao 40% do aprobado en 2009. Aliás, volve confirmarse a rutina nas accións e a renuncia a impulsar actuacións encamiñadas a reverter a emerxencia lingüística desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega, tal e como lle está a demandar a sociedade galega e as institucións do país.

Un inmovilismo que, para alén da falta de vontade política do PP, tamén se sustenta na ausencia de avaliación do programa 151A ao longo dos 16 anos de goberno do PP.

Malia se incrementar en 2026 a partida “Campañas de normalización lingüística” até os 3 millóns de euros, a indefinición do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude na comparecencia de orzamentos impide coñecer que campañas se van realizar, a quen se van dirixir, con que obxectivos e cronograma e con que ferramentas de avaliación, o que fai dubidar do destino das accións normalizadoras, así como dos criterios empregados.

Unha desconfianza avalada pola política lingüística precedente do PP, que conduciu aos actuais resultados tan negativos que mesmo cuestionan o futuro vivo para

Asinado o día 14/01/2026 ás  
10:43  
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 14/01/2026 ás  
10:43  
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: REVPG-qHhWxmPB-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**

**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 14/01/2026 10:45:00**

**Nº Rexistro: 45418**

Data envío: 14/01/2026 10:45:00.530

a nosa lingua, e mais pola inconcreción á hora de se comprometer o goberno do PP coa implementación das accións resultantes do proceso de actualización do PXNLG actualmente en curso.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que avaliación fai o goberno galego do impulso á normalización lingüística ao abeiro do programa 151A Fomento da Lingua Galega desde 2009?

- Pensa o goberno que cumpriu co programa 151A o mandato do Estatuto de Autonomía e da Lei de normalización lingüística á hora de garantir o uso normal e oficial do galego e potenciar o seu coñecemento e emprego en todos os ámbitos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 10:43:12

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2026 10:43:18

Daniel Castro García na data 14/01/2026 10:43:25



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/01/2026 10:45:00**  
**Nº Rexistro: 45418**  
Data envío: 14/01/2026 10:45:00.530

CSV REXPO-qHhWmPB-7  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 10:45:02



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/01/2026 10:45:00**  
**Nº Rexistro: 45418**  
Data envío: 14/01/2026 10:45:00.530

CSV REXPO-qHhWmPB-7  
Visítalo en:  
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.3      45956(12/INT-001544)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo  
a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais

*Publicación da iniciativa, 323f1, 29.01.2026*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/01/2026 10:58:39  
Nº Rexistro: 45956  
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Manga**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Coñecíamos a través do último informe da Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, os datos emitidos polo Imsero no que corresponde ao déficit de prazas residenciais para persoas maiores en centros públicos e privados en 2024.

A nivel xeral, Galicia ten un déficit de 11.509 prazas para cumprir a ratio que indica a OMS de 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos. Na actualidade a nosa comunidade autónoma conta con 25.017 prazas residenciais para persoas maiores.

Somos, como indica o informe, a cuarta comunidade autónoma con máis déficit de prazas; detrás de Andalucía (36.327), Comunidade Valenciana (26.929) e Cataluña (15.761). Situo dato de 2023, que foi de 3,11. Das 25.017 prazas totais en residencias galegas, o 76,1 % (19.038) estaban en centros públicos e o 23,9 % restante (5.979) eran de financiación privada. Ademais, cada residencia ten de media 78,5 prazas, por encima de tamaño medio estatal (73,5).

No conxunto de España, serían necesarias máis de 50.000 prazas adicionais para atender á demanda actual de persoas con gran dependencia e dependencia severa, un déficit que aumentou respecto ao ano anterior porque, se ben creáronse novas prazas, o incremento da poboación de máis de 65 anos foi maior.

Asinado o día 16/01/2026 ás  
10:54  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 16/01/2026 ás  
10:54  
Por Silvia Longueira Castro

CSM-REVPG-4B523XEF-5  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 10:58:39**  
**Nº Rexistro: 45956**  
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

Galicia ten hoxe máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos. Con unha expectativa de vida que mellora alongando así a vida na terceira idade. Un dato que xá comentamos nesta parlamento e sobre non se fixo ningunha consideración por parte de Partido Popular.

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten xa a Consellería de Asuntos Sociais definido cal é o modelo de coidados que planifica a Xunta de Galicia de cara aos vindeiros 10 anos?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-4B523X4E15  
Validar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 10:54:21

Elena Espinosa Mangana na data 16/01/2026 10:54:28



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 10:58:39**  
**Nº Rexistro: 45956**  
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

CSV REXPG-4B523X2EF5  
Validar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 10:58:40



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 10:58:39**  
**Nº Rexistro: 45956**  
Data envío: 16/01/2026 10:58:39.223

CSV REXISTRO-4523X-2E15  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.      Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.1      49027(12/POPX-000069)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles  
está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos



**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2026 18:18:22  
**Nº Rexistro: 49027**  
Data envío: 02/02/2026 18:18:22,223

### Á MESA DO PARLAMENTO

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, cre vostede que verdadeiramente está dando resposta efectiva ás necesidades de galegos e galegas coas súas decisións políticas?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro do 2026

CSX-REVPG-4isF8N2x4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado o día 02/02/2026 ás  
17:42  
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 17:42:04



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 18:18:22**  
**Nº Rexistro: 49027**  
Data envío: 02/02/2026 18:18:22.223

CSV REXPC-e8f6N2X-4  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 18:18:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 18:18:22**  
**Nº Rexistro: 49027**  
Data envío: 02/02/2026 18:18:22.223

CSV REXPC-eISFNXX-4  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.2      49028(12/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego  
das normas de aplicación do canon eólico



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/02/2026 18:20:57  
**Nº Rexistro: 49028**  
Data envío: 02/02/2026 18:20:57.897

### Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr. Rueda, que motiva o seu agasallo fiscal ás eléctricas coa modificación do canon eólico?*

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026

CSV: REVPG-KZnSBtUw-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 02/02/2026 ás  
18:20  
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2026 18:20:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 18:20:57**  
**Nº Rexistro: 49028**  
Data envío: 02/02/2026 18:20:57.897

CSV REXPO-KZm6SnLuv-0  
Verificación  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 18:20:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 18:20:57**  
**Nº Rexistro: 49028**  
Data envío: 02/02/2026 18:20:57.897

CSV REXPG-KZm6SnLuv-0  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

**8.           Preguntas ao Goberno**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.1      46435(12/POP-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 10 máis

Sobre a posta en marcha da oficina xudicial nos tribunais de  
instancia dos sete grandes partidos xudiciais de Galicia

*Publicación da iniciativa, 323f3, 29.01.2026*



GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/01/2026 10:37:31  
**Nº Rexistro: 46435**  
Data envío: 19/01/2026 10:37:31,688

Asinado o día 19/01/26  
10:35  
Por Brais Ruanova VI

### Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Saleta Chao Rivas, Noa Presas Bergatiños, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a implantación da nova oficina xudicial no Tribunal de Instancia de Ourense.

Asinado o día 19/01/2026 ás  
10:35  
Por Ramón Fernández Alfonso

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza, supón unha importante reforma da organización da administración de xustiza. Esta norma introduce cambios estruturais profundos, como a creación dos tribunais de instancia —órganos colexiados que agrupan os xulgados unipersonais de cada partido xudicial—, ou como un novo deseño da oficina xudicial, centrada en servizos comúns que non estean adscritos a un concreto órgano xurisdiccional. O obxectivo declarado é modernizar o sistema, fomentar a especialización e axilizar os procedementos, e mellorar a eficiencia do servizo público de xustiza. A propia norma establece a implantación progresiva do sistema, culminando a terceira e última fase, nos partidos con máis prazas xudiciais -nos que se inclúe o de Ourense- o 1 de xaneiro de 2026.

Malia a amplitude do prazo para a súa posta en marcha -practicamente un ano-, a falla de planificación e a improvisación na aplicación desta reforma esta a provocar graves deficiencias que comprometen no só o cumprimento da súas finalidades, senón o propio funcionamento da administración de xustiza. En particular, no tribunal de instancia de

Asinado o día 19/01/2026 ás  
10:34  
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/01/2026 10:37:31  
Nº Rexistro: 46435  
Data envío: 19/01/2026 10:37:31.688

Ourense, a implantación esta a provocar unha situación de caos organizativo que se manifestou dende os primeiros días de 2026. Os traslados masivos de procedementos xudiciais entre oficinas realizáronse de forma precipitada e improvisada, sen coordinación previa nin medios adecuados, chegando a utilizarse carros de supermercado para mover expedientes entre plantas, o que reflicte unha falta absoluta de previsión con risco de extravío de documentación esencial.

Esta desorde provocou confusión continua entre o persoal, con dúbidas continuas sobre a nova distribución de espazos, modificacións constantes na ubicación das traballadoras, que ate provocaron equivocacións na localización do posto de traballos ou dos expedientes. Tanta improvisación e desorganización non só condiciona o clima laboral senón que compromete o normal funcionamento da administración de xustiza.

As causas desta situación radican principalmente na falla de planificación por parte das administracións competentes, nomeadamente a Xunta de Galiza, responsable das competencias na denominada “administración da administración de xustiza”.

Aínda que a norma prevía un período transitorio amplo, a Xunta de Galiza actuou en Ourense cunha inusitada premura, convertendo a este partido xudicial nun “proxecto piloto” -máis parece un experimento- no que non existiu unha adecuada información individualizada, nin aos operadores xurídicos, nin o que é máis importante ao persoal.

Esta présa, sumada a problemas informáticos recorrentes —como fallos en aplicacións de xestión e altas indebidas en sistemas— e á ausencia de protocolos específicos para servizos chave como gardas ou violencia de xénero, agravou este desorde.

As consecuencias son múltiples e graves, por unha banda, comprometendo o dereito a unha tutela xudicial efectiva e o funcionamento dun servizo esencial para a cidadanía, con potenciais atrasos en procedementos, paralizacións e provocando dilacións indebidas. Por outra, sometendo ao persoal ao servizo da administración de xustiza a unha

2



CSV REXPO-Im6C8UGSn-4

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2026 10:37:31**  
**Nº Rexistro: 46435**  
Data envío: 19/01/2026 10:37:31.688

sobrecarga, e unha descoordinación e falla de medios que condiciona o normal desenvolvemento do seu labor.

Esta desorganización ameaza con agravar aínda máis o atasco xudicial, que principalmente na orde civil ten máis de 4.000 milleiros de asuntos en tramitación e case de 9.000 pendentes da súa execución.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Goberno Galego a posta en marcha da oficina xudicial nos Tribunais de Instancia dos 7 grandes partidos xudiciais de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/01/2026 10:34:57  
Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2026 10:35:07  
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/01/2026 10:35:13  
Luis Bará Torres na data 19/01/2026 10:35:19  
Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2026 10:35:27  
Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2026 10:35:37  
Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/01/2026 10:35:45  
Saleta Chao Rivas na data 19/01/2026 10:35:55  
Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2026 10:36:01  
Carmela González Iglesias na data 19/01/2026 10:36:11  
Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2026 10:36:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2026 10:37:31**  
**Nº Rexistro: 46435**  
Data envío: 19/01/2026 10:37:31.688



CSV REXISTRO-INGRESO-4

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 10:37:32



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2026 10:37:31**  
**Nº Rexistro: 46435**  
Data envío: 19/01/2026 10:37:31.688



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.2      47678(12/PUP-000184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a información que ten a Xunta de Galicia respecto das razóns técnicas e operativas que motivaron a limitación de velocidade no tramo ferroviario Ourense-Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 323f4, 29.01.2026*

## Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**

### Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola importancia de dar ofrecer garantías de seguridade ferroviaria na liña de alta velocidade Ourense-Santiago de Compostela.*

A recente decisión do Adif, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, entidade estatal dependente do Ministerio de Transportes, de impoñer unha limitación temporal de velocidade a 220 km/h nun tramo de liña de alta velocidade Ourense–Santiago de Compostela, é un feito relevante que require de maiores explicacións.

Segundo aseguran esta limitación foi adoptada tras avisos reiterados de maquinistas alertando de posibles deficiencias na infraestrutura, o que pon de manifesto que existen dúbidas fundadas sobre o estado da vía nun tramo estratéxico da rede ferroviaria. Resulta especialmente preocupante que estas medidas se adopten a posteriori, cando a liña levaba tempo en explotación a alta velocidade, e non como consecuencia de controis preventivos eficaces e sistemáticos.

A esta situación súmase un inadmisíbel déficit de transparencia por parte do Goberno que preside Pedro Sánchez, que non ofreceu explicacións claras, completas nin verificables sobre as causas concretas que motivaron a redución de velocidade, a natureza exacta das incidencias detectadas nin o alcance real dos riscos existentes. Tampouco se informou do calendario previsto para a restitución das condicións normais de circulación nin das responsabilidades técnicas e políticas derivadas desta situación. Esta opacidade non é un feito illado, senón unha práctica reiterada que erosiona a confianza cidadá e prexudica a comunicación da e coa nosa Comunidade.





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2026 12:01:51**  
**Nº Rexistro: 47678**  
Data envío: 23/01/2026 12:01:51.422

A actuación do Ministerio de Transportes transmite a impresión de que se pretende minimizar o impacto político e mediático das incidencias no canto de garantir unha información transparente e exhaustiva sobre o estado real das infraestruturas ferroviarias. Esta actitude non só resulta irresponsable, senón que compromete a credibilidade das institucións e alimenta a lexítima preocupación das persoas usuarias e dos profesionais do sector.

Por todo o anterior, faise imprescindible que o Parlamento esixa ao Goberno explicacións inmediatas e detalladas, así como a remisión de toda a documentación técnica relativa ao estado da liña afectada, os informes que motivaron a limitación de velocidade e as actuacións previstas. Do mesmo xeito, resulta necesario reclamar un cambio de actitude que sitúe a transparencia, a seguridade e a rendición de contas no centro da política ferroviaria.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Informou o Ministerio de Transportes á Xunta de Galicia das razóns técnicas e operativas que motivaron a imposición da limitación de velocidade no tramo Ourense–Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 23/01/2026 11:58:08  
Roberto Rodríguez Martínez na data 23/01/2026 11:58:14  
Carmen Pomar Tojo na data 23/01/2026 11:58:21  
José Luis Ferro Iglesias na data 23/01/2026 11:58:38  
Cristina Campero Dorado na data 23/01/2026 11:58:49  
Argimiro Marnotes Fernández na data 23/01/2026 11:59:04  
Rubén Lorenzo Gómez na data 23/01/2026 11:59:14  
Moisés Rodríguez Pérez na data 23/01/2026 11:59:23  
Katherinie Varela Fernández na data 23/01/2026 11:59:30



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/01/2026 12:01:51  
**Nº Rexistro: 47678**  
Data envío: 23/01/2026 12:01:51.422

CSV REXPG-90KcseNO-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 12:01:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2026 12:01:51**  
**Nº Rexistro: 47678**  
Data envío: 23/01/2026 12:01:51.422



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.3      44461(12/POP-006242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a información da que dispón o Goberno galego respecto dos sesenta e dous proxectos presentados ao Plan social polo clima (FSC)

*Publicación da iniciativa, 315f2, 16.01.2026*

## Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En maio de 2025, a Xunta de Galicia presentou 62 proxectos ao Plan Social polo Clima por un importe de case 2.000 millóns de euros, para que servisen de base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima (FSC).

O Goberno de España tiña que ter presentado este Plan ante Europa antes de que rematara o mes de xuño e non o fixo.

Por iso, a Xunta, ante a preocupación pola posible perda destes fondos, motivada pola mala xestión do Goberno de Pedro Sánchez, e ante a falta de información e transparencia amosada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico neste asunto, dirixiuse directamente a Europa.

Tamén o fixeron os eurodiputados do PPdeG, Francisco Millán Mon, e Adrián Vázquez, solicitando á Comisión Europa información ao respecto e preguntando se existen mecanismos para que o Goberno español cumpra dunha vez por todas cos seus deberes e se o incumprimento por parte de España para traspoñer a Directiva 2023/959 (RCEDE 2) pode afectar á concesión destes fondos, o que



podería supor o retraso no desenvolvemento de importantes proxectos para Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

O Goberno da Xunta recibiu información ou resposta en relación ás xestións desenvoltas para coñecer a situación actual deste asunto?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 08/01/2026 12:18:22  
Cristina Campero Dorado na data 08/01/2026 12:18:38  
Moisés Rodríguez Pérez na data 08/01/2026 12:18:50  
José Luis Ferro Iglesias na data 08/01/2026 12:19:07  
Rubén Lorenzo Gómez na data 08/01/2026 12:19:20  
Argimiro Marnotes Fernández na data 08/01/2026 12:19:34  
Carmen Pomar Tojo na data 08/01/2026 12:19:46  
Roberto Rodríguez Martínez na data 08/01/2026 12:19:56  
Katherinie Varela Fernández na data 08/01/2026 12:20:05



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/01/2026 12:20:21**  
**Nº Rexistro: 44461**  
Data envío: 08/01/2026 12:20:21.103



CSV REXPO-KIhmKb5-8

Verificar

<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/01/2026 12:20:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/01/2026 12:20:21**  
**Nº Rexistro: 44461**  
Data envío: 08/01/2026 12:20:21.103

CSV REXPO-KIhmKb5-8  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.4      46094(12/POP-006524)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o nivel das contías orzamentarias destinadas nos últimos anos ás infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas

*Publicación da iniciativa, 323f3, 29.01.2026*



**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 12:43:18**  
**Nº Rexistro: 46094**  
Data envío: 16/01/2026 12:43:18.831

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:48  
Por Silvia Longueira C

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Concello de Zas conta con centros educativos públicos que prestan un servizo esencial á veciñanza e que escolarizan a nenas, nenos e adolescentes en etapas clave do seu desenvolvemento educativo e persoal. Entre eles atópanse o Centro Público Integrado (CPI) de Zas e o CEIP Labarta Pose, en Baio, así como o conxunto de instalacións educativas públicas do concello.

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:48  
Por Aitor Bouza Manso

Porén, a situación das infraestruturas destes centros é profundamente preocupante. Trátase de edificios con décadas de antigüidade que levan anos sufrindo unha falta continuada de investimento por parte da consellería competente en materia de educación. Esta situación de abandono tradúcese en problemas estruturais graves que afectan directamente á seguridade, á saúde e á calidade do ensino.

No CPI de Zas detéctanse deficiencias moi relevantes: ventás obsoletas que non illan nin térmica nin acusticamente, filtracións de auga, humidades persistentes nas aulas, goteiras, canalóns deteriorados con risco de desprendemento, un sistema de calefacción antigo e ineficiente, baños en mal estado e un patio cuberto que non cumpre a súa función por filtracións constantes. Estas circunstancias obrigan ao uso permanente de deshumidificadores, incrementan o gasto enerxético e xeran problemas de saúde no alumnado e no profesorado.

Asinado o día 16/01/2026 ás 11:48  
Por Patricia Iglesias Rey

No CEIP Labarta Pose, centro con máis de medio século de antigüidade, a situación non é mellor. As tubaxes presentan un avanzado estado de oxidación, existen humidades e goteiras recorrentes, e o estado xeral do teito e doutras

CSX-REVPG-Qd8KD Gz-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 12:43:18**  
**Nº Rexistro: 46094**  
Data envío: 16/01/2026 12:43:18.831

estruturas evidencia a inexistencia dun plan de mantemento e renovación. A pesar de anuncios públicos sobre a existencia dun proxecto, non se ten facilitado información clara nin documentación técnica nin un calendario de execución.

Esta realidade leva anos sendo denunciada polas direccións dos centros e polas ANPA, que se ven obrigadas a asumir gastos e responsabilidades que corresponden á Administración autonómica. A ausencia de respostas, o silencio administrativo e a falta de consignación orzamentaria contrastan coa necesidade urxente de garantir centros educativos seguros, saudables e dignos.

A educación pública non pode prestarse en condicións de precariedade nin con riscos para a integridade física do alumnado e do persoal docente. Resulta imprescindible unha actuación decidida da Xunta de Galicia que poña fin a anos de abandono e dea resposta ás demandas xustas da comunidade educativa de Zas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Por que motivo os centros educativos de Zas non contaron nos últimos anos con investimentos suficientes nos orzamentos da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 16/01/2026 11:48:31

Aitor Bouza Manso na data 16/01/2026 11:48:38

Silvia Longueira Castro na data 16/01/2026 11:48:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 12:43:18**  
**Nº Rexistro: 46094**  
Data envío: 16/01/2026 12:43:18.831

CSV REXPO-sOd6XGz-3  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:43:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2026 12:43:18**  
**Nº Rexistro: 46094**  
Data envío: 16/01/2026 12:43:18.831



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.5      47260(12/POP-006660)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o recente acordo da Xunta de Galicia coa Fegamp para incrementar a achega autonómica que financia os servizos municipais de axuda no fogar (SAF)

*Publicación da iniciativa, 323f4, 29.01.2026*



PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2026 10:36:39  
Nº Rexistro: 47260  
Data envío: 22/01/2026 10:36:39.049

Asinado o día 22/01/26  
Por María Encarnación  
Díaz

## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia acadou un acordo histórico coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para seguir incrementando o financiamento dos Servizos municipais de Axuda no Fogar (SAF).

O SAF é un dos servizos de atención á persoas en situación de dependencia máis demandados e chega cada día a máis de 23.000 persoas e aos 313 concellos de Galicia, mostra da súa importancia no sistema de atención social.

Nas vindeiras datas asinarase este acordo que abrangue toda a actual lexislatura, mediante o cal a Xunta de Galicia pasará de financiar os 12 euros/hora directamente aos 16 euros/hora neste ano 2026, ata chegar aos 18 euros/hora en 2028, tratándose dun incremento progresivo do 50%

Mentres o compromiso da Xunta de Galicia cos dependentes galegos esta moi claro, non así o do Goberno de España ao que seguimos demandando que cumpra coa Lei estatal de dependencia e financie o 50% da factura de todos os dependentes de Galicia, porque os seus constantes e reiterados incumprimentos acumulan unha débeda coa nosa Comunidade de máis de 2.900 millóns de euros.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o recente acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para incrementar a achega autonómica que financia os Servizos municipais de Axuda no Fogar?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 22/01/2026 ás  
10:32  
Por Raquel Arias Rodríguez

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/01/2026 10:32:18  
Noelia Pérez López na data 22/01/2026 10:32:32  
María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2026 10:33:02  
Víctor Baladrón Lamas na data 22/01/2026 10:33:12  
Nicole Grueira Fernández na data 22/01/2026 10:33:21  
Dolores Hermelo Piñeiro na data 22/01/2026 10:33:45  
Argimiro Marnotes Fernández na data 22/01/2026 10:34:00  
Maria Magdalena Perez Millares na data 22/01/2026 10:34:08  
Raúl Santamaría González na data 22/01/2026 10:34:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/01/2026 10:36:39  
**Nº Rexistro: 47260**  
Data envío: 22/01/2026 10:36:39.049



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA

Validación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/01/2026 10:36:40



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2026 10:36:39**  
**Nº Rexistro: 47260**  
Data envío: 22/01/2026 10:36:39.049

CSV REXPG-XW1drz6L-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.6      48976(12/PUP-000186)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/02/2026 16:30:00  
Nº Rexistro: 48976  
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral urxente en Pleno**.

#### **Xustificación da urxencia**

A xustificación da urxencia vén dada pola gravidade dos feitos acaecidos o pasado 31 de xaneiro de 2026 ao produciuse a ruptura dunha balsa mineira na antiga explotación de Monte Neme, o que provocou un aluvián de lodo e auga que arrasou todo ao seu paso, invadindo o terreo e a estrada próxima e ocasionando importantes danos ambientais.

Este feito reviste unha especial gravidade se se ten en conta que o núcleo de vivendas de Aviño atópase a apenas 50 metros da zona afectada polo colapso. Por pura sorte —e unicamente pola hora na que se produciu o incidente— non había persoas nin vehículos circulando pola estrada nese momento, evitando consecuencias persoais que poderían ter sido trágicas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que actuacións concretas de restauración mineira levou a cabo a Xunta de Galicia en relación coa mina de Monte Neme desde o anterior incidente ocorrido hai 12 anos, ata o 23 de maio de 2025?

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026

CSV: REVPG-hsc8VJ2-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado o día 02/02/2026 ás  
15:52  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/02/2026 ás  
15:51  
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 15:51:58

Lara Méndez López na data 02/02/2026 15:52:05



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48976**  
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

CSV REXPG-rscl8v/22  
Verificar  
<https://seste.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 15:55:05

**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48976**  
Data envío: 02/02/2026 15:55:04.314

CSV REXPG-rscl8v/22  
Verificar  
<https://seste.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.7      48996(12/PUP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

### Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á situación da explotación mineira do Monte Neme (Carballo).

#### Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na situación na que se atopa a explotación mineira do Monte Neme en Carballo na que se vén de producir a ruptura dunha balsa que provocou unha avalancha de auga e lodos.

#### Exposición de motivos

O 10 de febreiro de 2014 a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no Monte Neme provocou unha avalancha de material que afectou ás localidades de Aviño en Malpica e Razo da Costa en Carballo.

A canteira, pertencente á empresa Leitosa, levaba tres anos abandonada e carecía das elementais medidas de seguridade. Non existía ningunha sinalización do perigo, e a balsa de lama presentaba desde hai tempo unha brecha e ameazaba con desbordar.

Esta situación foi xa denunciada polo Concello de Carballo en abril de 2013 e tamén por diversos colectivos e particulares. Ao abeiro destas denuncias a Dirección Xeral de Minas anunciou a elaboración dun Plan de Seguridade para dita explotación mineira.

Ademais, o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado en diversas ocasións o perigo ambiental que representan as minas e canteiras abandonadas e o feito de que non



se tivesen desenvolvido as medidas contempladas na Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, no que atinxe ao cumprimento das obrigas ambientais por parte das empresas e o exercicio por parte da Xunta de Galiza das súas facultades inspectoras e sancionadoras.

Novamente, o pasado sábado 31 de xaneiro repetíase un episodio semellante de rotura dunha das balsas afectando a montes e regatos do lugar de Aviñó, no concello de Malpica, e incluso provocando o corte da estrada que vai dende este lugar ata Razo, no veciño concello de Carballo.

O artigo 46 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia di:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixilancia das declaracións ambientais, así como comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou por instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

Vemos así como a Xunta permitiu que acontecera o grave desastre ocorrido en Monte Neme en febreiro de 2014. Despois de varios meses de avisos, escritos e peticións ante a Consellaría de Industria finalmente unha das balsas que contiña as augas contaminadas pertencentes a esta antiga explotación mineira rompeu e verteu os seus residuos cara núcleos de poboación.

Dous meses e medio despois daquel desastre confírmase que Augas de Galicia detectou “alarmantes niveis de aluminio” en zonas receptoras das augas vertidas indicando tamén a presenza de augas ácidas tóxicas derivadas da actividade mineira.



O desleixo e inacción da Xunta deu coma resultado que o desastre se repetise este mesmo ano, coincidindo coa execución do plan de restauración ambiental. Execución que se demorou trece anos.

Nunha primeira análise do desastre recente parece evidenciarse un alto grao de improvisación; así o indica o descoñecemento, ou o menoscabo a respecto dunha galería existente dos tempos nos que funcionou a explotación mineira e que todo indica que foi o seu colapso o que deu lugar a este novo episodio de contaminación masiva.

No lugar da antiga mina de Monte Neme, quedan aínda dúas balsas cheas de auga, dun cor azul turquesa, que en tempos foi reclamo de instagramers e que se demostrou a súa toxicidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que responsabilidade asume a Xunta de Galiza neste desastre ambiental e como vai garantir que non se repita?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 16:40:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 16:40:54**  
**Nº Rexistro: 48996**  
Data envío: 02/02/2026 16:40:54.790

CSV REXPG-IKeyAMzg-8  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 16:40:55



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/02/2026 16:40:54**  
**Nº Rexistro: 48996**  
Data envío: 02/02/2026 16:40:54.790

CSV REXPG-IKeyAMzg-8  
Verificar  
<https://sesta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.8      45843(12/POP-006505)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

*Publicación da iniciativa, 319f4, 22.01.2026*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2026 16:30:00  
Nº Rexistro: 45843  
Data envío: 15/01/2026 16:16:02,905

Asinado o día 15/01/26  
16:09  
Por Aitor Bouza Manso

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Viveiro e a comarca da Mariña levan décadas reclamando unha solución real, eficaz e estrutural aos graves problemas de mobilidade e comunicacións que padecen. Durante anos, a propia Xunta de Galicia defendeu e impuxo o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte, unha infraestrutura estratéxica chamada a mellorar a seguridade viaria, a fluidez do tráfico e a competitividade económica dun territorio clave do norte de Galicia.

Asinado o día 15/01/2026 ás  
16:09  
Por Carlos López Font

Esta vía de alta capacidade foi incluída no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Viveiro por imposición da Xunta, condicionando durante máis dunha década o desenvolvemento urbanístico e territorial do municipio. O Concello de Viveiro, así como o conxunto da Corporación municipal, aceptaron esa esixencia coa finalidade de poder avanzar na tramitación do PXOM, confiando en que a infraestrutura comprometida acabaría executándose.

Porén, o anuncio realizado recentemente polo presidente da Xunta de Galicia en Viveiro supón un cambio radical e moi preocupante de criterio. O Goberno galego renuncia de facto á VAC-Norte e substitúe ese proxecto por unha simple variante de estrada convencional, cun investimento moi inferior e cun alcance claramente limitado. O que se presenta como alternativa non responde nin ás necesidades reais de mobilidade nin aos problemas estruturais de tráfico que sofre Viveiro, especialmente nos accesos ao casco urbano e na conexión coa rede viaria principal.

Asinado o día 15/01/2026 ás  
16:09  
Por Lara Méndez López

CSM-REXPG-4tr/KKXL-0  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 45843**  
Data envío: 15/01/2026 16:16:02.905

Esta decisión supón unha rebaixa inaceptable das aspiracións e dereitos da veciñanza de Viveiro, que ve como se lle nega unha infraestrutura da que gozan outras comarcas galegas. Ademais, a solución proposta non só non resolve os problemas actuais, senón que corre o risco de quedar obsoleta a curto prazo, ao tratarse de estradas convencionais que non absorben o volume de tráfico existente nin o previsto no futuro.

Resulta especialmente grave que, tras anos de bloqueo e esixencias ao Concello, a Xunta pretenda agora pechar definitivamente a porta a unha vía de alta capacidade, sen diálogo real, sen avaliación comparativa das alternativas e sen ter en conta o impacto desta renuncia no PXOM e no desenvolvemento económico e social de Viveiro e da Mariña.

Por todo o exposto, considérase necesario que o Parlamento de Galicia inste á Xunta a rectificar, recuperar unha visión ambiciosa e apostar por unha infraestrutura acorde ás necesidades do territorio.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia a retomar o proxecto da Vía de Alta Capacidade VAC-Norte de Viveiro, como infraestrutura estratéxica para a mellora da mobilidade, da seguridade viaria e do desenvolvemento económico da Mariña?

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:09:07

Carlos López Font na data 15/01/2026 16:09:14

Aitor Bouza Manso na data 15/01/2026 16:09:24



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 45843**  
Data envío: 15/01/2026 16:16:02.905



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:16:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2026 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 45843**  
Data envío: 15/01/2026 16:16:02.905



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 10.02.2026                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

8.9      43883(12/POP-006038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre os cesamentos que tiveron lugar en decembro de 2025 na  
Consellería do Medio Rural

*Publicación da iniciativa, 315f1, 16.01.2026*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/01/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43883**  
Data envío: 02/01/2026 17:59:12.691

Asinado o día 02/01/26  
17:57  
Por Ariadna Fernández

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández, Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e do deputado ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos ceses na Consellería do Medio Rural.

Asinado o día 02/01/2026 ás  
17:57  
Por Sonia Vidal Lamas

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2025, sobre todo no mes de agosto produciuse unha vaga de lumes incendios forestais que provocaron os lumes máis grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes amosou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos e das dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia inaudita no noso país.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Esta catástrofe inicial seguiu agravándose falla de actuacións da Xunta de Galiza. Ás consecuencias económicas directas dos lumes úníronse posteriormente os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes, especialmente na comarca de Valdeorras. Estas consecuencias medioambientais de

Asinado o día 02/01/2026 ás 17:57  
Por Secundino Fernández

erosión e perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Entre as consecuencias dos lumes e da inacción da Consellería do Medio Rural destaca a que afecta ás augas como consecuencia dos arrastres nas zonas queimadas, que contaminan os cursos de auga de consumo humano.

Mentres pasaba isto, a Xunta de Rueda indicaba que a súa actuación foi adecuada, sen admitir a mínima crítica nin a mínima oferta de diálogo e de medidas de actuación. Todas as propostas feitas polo BNG neste senso foron rexeitadas. Por suposto tampouco houbo dimisións nin ceses no goberno da Xunta nin se asumiron as responsabilidades políticas diante da nefasta actuación por parte da Xunta do PP.

Esto foi o que pasou até que o pasado 30 de decembro saíu publicado no DOG o cese de José Luis Chan Rodríguez como director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, de Manuel Rodríguez Vázquez como director xeral de Defensa do Monte e de Jorge Atán Castro como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.

Estes ceses na Consellería do Medio Rural dos responsábeis da área forestal representan as primeiras vítimas políticas da desastrosa xestión dos incendios do verán pasado. Son ceses que pretenden desviar a atención dos verdadeiros responsábeis políticos do desastre na xestión dos incendios do pasado verán, é dicir a máxima responsábel da Consellería, a conselleira María José Gómez, e o máximo responsábel do Goberno galego, o presidente da Xunta, o señor Rueda.

Estes ceses representan o recoñecemento da errada e negativa política que ten a Xunta do PP en relación coa ordenación do territorio, a produción agroforestal e a defensa do noso medio rural fronte aos incendios forestais.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 43883**  
Data envío: 02/01/2026 17:59:12.691

Dende o BNG levamos explicando e propondo dende fai tempo que as políticas cara o medio rural teñen que cambiar porque estamos imos cara un punto de non retorno, e este desastre ten que implicar un punto de inflexión, é hora dun cambio profundo e non chega con cambiar certas caras de segundo nivel. Mais para que haxa ese desexado cambio de rumbo tamén deben cambiar os responsábeis comezando pola propia conselleira.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Si os ceses no seo da Consellería do Medio Rural se producen pola nefasta actuación da consellería na vaga de incendios deste verán, por que a conselleira do Medio Rural, responsábel directa da Consellería e polo tanto máxima responsábel da desfeita, sigue no seu posto?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 02/01/2026 17:57:23

Sonia Vidal Lamas na data 02/01/2026 17:57:46

Ariadna Fernández González na data 02/01/2026 17:57:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/01/2026 17:58:11

Luis Bará Torres na data 02/01/2026 17:58:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/01/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43883**  
Data envío: 02/01/2026 17:59:12.691

CSV REXPG-AJ0ddOm-8  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 17:59:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 43883**  
Data envío: 02/01/2026 17:59:12.691

CSV REXPG-AJ0ddOm-8  
Visítalo en:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

